

Informe de enquisa

Satisfacción TFG telemático 2019-2020

A área de calidade da Facultade de Química da USC ten como obxectivo fundamental a mellora continua da ensinanza ofertada no Centro.


Neste caso, estudouse a opinión do alumnado que realizou o seu Traballo de Fin de Grado no curso 2019-2020, xa que debido ás circunstancias derivadas da Covid-19, os métodos de elaboración e exposición foron modificados neste curso. Esta visión do alumnado é de gran valor porque permite detectar deficiencias e tomar medidas para minimizalas.

Con este fin, realizouse unha enquisa dirixida aos alumnos que fixeron o seu TFG no curso 2019-2020. Nela preguntábase sobre aspectos específicos da elaboración e exposición do TFG, que críamos non tiñan sido cubertos polas enquisas oficiais da USC. A preparación do cuestionario foi realizada coa colaboración da estudante Claudia Solé Pérez. Esta bolseira realizou as súas prácticas extracurriculares na Área de Calidade da USC e traballou na mellora do SGC da Facultade de Química entre os días 18 de novembro e 22 de decembro de 2020.

A continuación móstranse as preguntas realizadas e unhas breves conclusións extraídas das respostas obtidas:

P1 Qué tipo de TFG realizaches?

Respondidas: 39 Omitidas: 0




OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS
Experimental	76,92 % 30
Bibliográfico	15,38 % 6
Outro (especificque)	Respuestas 7,69 % 3
TOTAL	39

A participación foi do 100%. Dos 39 alumnos entrevistados, 30 realizaron un TGF experimental, 7 realizaron un TFG bibliográfico e 2 comezaron cun traballo experimental e no confinamento véronse obrigados a continuar o seu traballo de xeito bibliográfico.

P2 Con qué departamento traballaches?

Respondidas: 39 Omitidas: 0



OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS
▼ Química Orgánica	41,03 % 16
▼ Química Inorgánica	23,08 % 9
▼ Química Física	12,82 % 5
▼ Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	23,08 % 9
▼ Enxeñaría Química	0,00 % 0
▼ Física de Partículas	0,00 % 0
▼ Física Aplicada	0,00 % 0
▼ Edafoloxía e Química Agrícola	0,00 % 0
▼ Outro (especifique)	Respuestas 5,13 % 2
Total de encuestados: 39	

A participación foi do 100%. Dos 39 entrevistados, 16 realizaron o TFG co departamento de Química Orgánica, 9 co departamento de Química Inorgánica, 9 co de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía, 5 realizaron o TFG co departamento de Química Física, 1 no Instituto de Ciencias Forenses (INCIFOR) e 1 cos departamentos de Química Analítica e Química Inorgánica.

P3 Do 1 ao 5, valora cómo de ben informáronte na facultade dos cambios que ían ter lugar no desenvolvemento e a exposición do teu Traballo de Fin de Grao.

Respondidas: 39 Omitidas: 0

3,1★
valoración
promedio



	1	2	3	4	5	TOTAL	PROMEDIO PONDERADO
★	20,51 % 8	15,38 % 6	20,51 % 8	25,64 % 10	17,95 % 7	39	3,05

A participación foi do 100%. Sen embargo, a valoración promedio foi de 3,1 sobre 5. 10 alumnos puntuaron con 4/5, 8 puntuaron con 3/5, 8 puntuaron con 1/5, 7 puntuaron con 5/5 e 6 puntuaron con 2/5. Cabe destacar que o 35% dos alumnos calificaron a información recibida cun 1 e un 2 sobre 5. Polo que sería interesante revisar cómo se levou a cabo a información dos alumnos sobre os cambios que ían ter lugar.

P4 Do 1 ao 5, valora o nivel de contacto que mantiveches co teu/túa titor/a telemáticamente.

Respondidas: 38 Omitidas: 1

4,1★
valoración
promedio




	1	2	3	4	5	TOTAL	PROMEDIO PONDERADO
★	13,16 % 5	2,63 % 1	5,26 % 2	15,79 % 6	63,16 % 24	38	4,13

A participación foi do 97,4%. A valoración promedio foi de 4,1 sobre 5. 24 alumnos puntuaron cun 5/5, 6 puntuaron cun 4/5, 5 puntuaron cun 1/5. Podemos dicir que neste ámbito os resultados son bos.

P5 Nalgún momento a elaboración telemática do teu TFG supúxote un problema?

Respondidas: 38 Omitidas: 1




OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS
▼ No	57,89 % 22
▼ Si	42,11 % 16
TOTAL	38

A participación foi do 97,4%. O 42,11% (16) dos alumnos reportou ter problemas na elaboración telemática do seu TFG. Os problema principal, que representa a metade das incidencias (8), foi o non ter acceso aos recursos electrónicos, as bases de datos e buscadores de bibliografía da Universidade ata que se configurou a proxy, un mes despois da entrada en vigor do estado de alarma. Outros problemas foron non poder rematar a parte experimental do traballo (1), a falta de comunicación co tutor (1) e a falta de reunións presenciais coma dificultade para a resolución de dudas ou a aprendizaxe (2).

P6 Nalgún momento a exposición telemática do teu TFG supúxote un problema?

Respondidas: 37 Omitidas: 2




OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS	
▼ No	78,38 %	29
▼ Si	21,62 %	8
TOTAL		37

A participación foi do 94,9%. O 21,62% (8) dos alumnos reportou ter problemas na exposición telemática do seu TFG. 2 alumnos indicaron que os problemas debéronse á conexión a internet e 1 alumno non tiña ordenador con micrófono funcional. Cabe pensar que os problemas foron principalmente coa conexión a internet.

P7 Tiveches algunha incidencia técnica no momento da exposición do teu TFG?

Respondidas: 37 Omitidas: 2




OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS	
▼ Non	91,89 %	34
▼ Si	8,11 %	3
TOTAL		37

A participación foi do 94,9%. O 8,11% (3) dos alumnos reportaron problemas técnicos no momento da exposición do seu TFG e engaden que non recibiron información acerca de qué facer en caso de perda da conexión nalgún momento da exposición (1) e que foron informados dúas semanas antes da entrega de que non poderían expor (1).

P8 Quedaches satisfeito/a co teu traballo?

Respondidas: 39 Omitidas: 0




OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS
▼ Si	74,36 % 29
▼ Non	17,95 % 7
▼ Outro (especifica)	Respuestas 7,69 % 3
TOTAL	39

A participación foi do 100%. O 74,36% (29) dos alumnos quedaron satisfeitos co seu traballo, o 17,96% (7) non quedaron satisfeitos e 3 contan que preferirían ter feito un traballo experimental (2) ou que non recibiron a atención esperada do tutor (1).

P9 Quedaches satisfeito/a coa túa nota?

Respondidas: 39 Omitidas: 0



OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS
▼ Si	58,97 % 23
▼ Non	38,46 % 15
▼ Outro (especifica)	Respuestas 2,56 % 1
Total de encuestados: 39	

A participación foi do 100%. O 58,97% (23) dos alumnos quedaron satisfeitos coa súa nota, o 41,02% (16) dos alumnos non quedou satisfeito.